



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

AMPLIACIÓN PLAZO DE XUSTIFICACIÓN DA 1ª CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS ÁS COMUNIDADES DE BENS, SOCIEDADES CIVÍS E PERSOAS FÍSICAS AUTÓNOMAS CON LOCAIS E ESTABLECEMENTOS MINORISTAS EN ACTIVO CON ACTIVIDADES COMERCIAIS E/OU ACTIVIDADE DE HOSTELERÍA E RESTAURACIÓN RADICADOS NO TERMO MUNICIPAL DE OZA-CESURAS QUE SE VIRON OBRIGADOS/AS Á SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO DOS MESMOS COMO MEDIDA DE CONTENCIÓN ESTABLECIDA NO REAL DECRETO 463/2020, DE 14 DE MARZO, POLO QUE SE DECLARA O ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19

Por Providencia do Alcalde deste concello ditada o 8 de abril de 2020 resolveuse aprobar as bases reguladoras da 1ª convocatoria para a concesión de axudas económicas ás comunidades de bens, sociedades civís e persoas físicas autónomas con locais e establecementos minoristas en activo con actividades comerciais e/ou actividade de hostelería e restauración radicados no termo municipal de Oza-Cesuras que se viron obrigados/as a suspender a apertura ao público dos mesmos como medida de contención establecida no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que se describen na base 1ª.1 das reguladoras da dita convocatoria.

As ditas bases foron publicadas na páxina web do concello de Oza-Cesuras o pasado 8 de abril de 2020 e o prazo de solicitudes de participación permaneceu aberto dende as **0:00 horas do 9 de abril de 2020 ata as 23:59 horas do 19 de abril de 2020 (ambos inclusive)**.

A base reguladora 8.1 establece que *“O prazo para presentar a xustificación da subvención comenza a contar dende o día seguinte á notificación da concesión da subvención, e rematará o 1 de novembro de 2020”* e no modelo incluído no anexo II “Conta xustificativa” se indica igualmente dito prazo.

O Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá da metade deste e sempre que non se perxudiquen dereitos de terceiros.

No artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se indica que a ampliación poderá acordarse de oficio ou a instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias o aconsellan.

En consecuencia, tendo en conta que a data de xustificación remata o día 1 de outubro de 2020, a existencia de expedientes pendentes de resolver debido a retrasos na instrución e concesión das axudas respecto dos prazos inicialmente previsto para, esta Alcaldía, en uso das facultades que legalmente lle corresponden, e pola razóns anteriormente expostas,

ACORDA:





Concello de Oza-Cesuras

Primeiro: Modificar a data límite de xustificación establecida na base 8.1 das reguladoras da 1ª convocatoria para a concesión de axudas económicas ás comunidades de bens, sociedades civís e persoas físicas autónomas con locais e establecementos minoristas en activo con actividades comerciais e/ou actividade de hostelería e restauración radicados no termo municipal de Oza-Cesuras que se viron obrigados/as a suspender a apertura ao público dos mesmos como medida de contención establecida no Real Decreto 463/2020 , de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que se describen na base 1ª.1 das reguladoras da dita convocatoria, ampliando o prazo de presentación da documentación xustificativa que rematará o 30 de novembro de 2020.

Segundo: Modificar a mención incluída no modelo incluído anexo II denominado conta xustificativa indicando que “O prazo para presentar a xustificación da xustificación da subvención rematará o 30 de novembro de 2020”

Terceiro: Publicar a presente resolución na páxina web oficial do concello para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

En Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

O ALCALDE

Asdo./ José Pablo González Cacheiro

Dou fe,

O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo./ José C. Sánchez Presedo

